

REPASAMOS SOCIAIS:

1) Le e escribe o nome do elemento da paisaxe que corresponda.

Terreo chan situado entre montañas.

Conxunto de montañas.

Ampla porcion de terra que se interna no mar.

Extension de terra completamente rodeada polo mar.

Corrente continua de auga doce.

2) Numera para ordenar as fases do ciclo da auga.

☐ O Sol quenta a auga do mar e dos ríos. Así, a auga evapórase, é dicir, transfórmase en gas e pasa a formar parte do aire.

☐ A auga da neve e da chuvia é recollida polos ríos e chega de novo ó mar.

☐ No ceo, o vapor de auga arrefría e transfórmase en pequenas gotiñas que forman as nubes.

☐ Ao moverse as nubes, as gotas de auga arrefrían aínda máis, aumentan de tamaño e caen á terra en forma de chuvia ou de neve.

3) En cal destes lugares o clima é máis suave? Marca.



4) Marca as afirmacións correctas.

- ☐ O aire non se pode ver.
- ☐ O aire está en todas as partes.
- ☐ O aire é unha mestura de gases.
- ☐ O aire ten unha forma definida.
- ☐ O aire non se pode tocar.
- ☐ O aire non se move.

5) Para que se utiliza o termómetro? Marca.

- ☐ Para medir a temperatura do aire.
- ☐ Para medir a cantidade de chuvia que caeu.
- ☐ Para determinar a dirección do vento.

6) Que sabes sobre a Terra? Escribe V(verdadeiro) ou F (falso).

- ☐ A Terra é unha estrela con luz propia.
- ☐ A Terra ten forma de esfera.
- ☐ A Terra está habitada por seres vivos.
- ☐ A Terra é un planeta.
- ☐ A Terra xira sobre si mesma.
- ☐ A Terra ten 3 satélites.
- ☐ O satélite da Terra é a Lúa.